



Guía Docente				
Datos Identificativos			2018/19	
Asignatura (*)	Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal na Infancia e na Adolescencia	Código	653G01207	
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde			
Coordinación	Rivas Quarneti, Natalia Yanaina	Correo electrónico	natalia.rivas.quarneti@udc.es	
Profesorado	Groba Gonzalez, Betania Pousada Garcia, Thais Rivas Quarneti, Natalia Yanaina Viana Moldes, Ines	Correo electrónico	b.groba@udc.es thais.pousada.garcia@udc.es natalia.rivas.quarneti@udc.es ines.viana@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo achegar ao alumno/a ao proceso de intervención de Terapia Ocupacional, no infancai e adolescencia, proporcionando para iso os principios teóricos e filosóficos que sosteñen e fundamentan a práctica profesional da/o terapeuta ocupacional neste ámbito. Descritor: Fundamentos da promoción da autonomía persoal e valoración da dependencia nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou produtos de apoio. Análise da ocupación en Terapia Ocupacional e a súa utilización terapéutica. Terapia Ocupacional para a inclusión da/o/s nena/o/s e adolescente/s. Aplicación da actividade ocupacional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Promover a autonomía persoal e valorar a dependencia das persoas usuarias nas áreas de desempeño ocupacional (Actividades da Vida Diaria, Actividades Instrumentais da Vida Diaria, Traballo Educación, Ocio e Tempo libre e participación social), baseándose nos seus diferentes contextos (físico, cultural, social, persoal, virtual, espiritual). En definitiva, coñecementos e capacidade para aplicar a teoría e a práctica de Terapia Ocupacional.	A9 A10	B3 B9	C8
Manter e mellorar a calidade de vida das persoas usuarias	A15 A20 A24	B9	C7
Desenvolver coñecemento e capacidade para aplicar as ocupacións terapeuticamente e coñecemento e capacidade para aplicar as Actividades da Vida Diaria terapeuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.	A1 A3 A6 A9 A11 A13 A14 A23	B19 B24	C4
Capacidade para identificar e anticipar situacións de risco en infantes e adolescentes con posibilidade de presentar disfunción ocupacional debido ás condicións contextuais.	A20 A29	B3 B9	C7



Intervir con infantes e adolescentes coas patoloxías incidentes nesa etapa vital que ocasionan unha mingua do seu desempeño ocupacional e, polo tanto, da autonomía persoal.	A7 A8 A17 A18 A19 A29	B3 B9 B24	C7
Adquirir destrezas na implementación do programa terapéutico personalizado (segundo o usuario, en función da súa historia persoal, da patoloxía que presenta e do período evolutivo desta). E adquirir a capacidade de establecer unha relación terapéutica apropiada aos diferentes momentos do ciclo vital da persoa.	A10 A16	B4 B9 B36	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Marco conceptual: Contextualización e razoamento introdutorio desde Terapia Ocupacional ó ciclo vital (Tema transversal do nivel intermedio do Título)	1.1 Análise das necesidades de saúde e benestar. 1.2 Análise das principais ocupacións na infancia e adolescencia. 1.3 Análise dos recursos sociocomunitarios. 1.4 Análise dos medios de comunicación e valores.
Tema 2.- Calidade de vida (Tema transversal do nivel intermedio do Título)	2.1 Aproximación á calidade de vida desde Terapia Ocupacional. 2.2 Historia de vida.
Tema 3.- Autores de referencia en Terapia Ocupacional: Infancia e Adolescencia	3.1 Comprensión do desenvolvemento teórico. 3.2 Análise e reflexión dos contextos históricos e socioculturais.
Tema 4.- Rede de servizos: recursos existentes (ou por desenvolver) para a infancia e a adolescencia	4.1 Características e enfoques dos diferentes dispositivos. 4.2 Lexislación que afecta ó servizo e á súa práctica. 4.3 Habilidades, funcións e rol do terapeuta ocupacional. 4.4 Relación co equipo interdisciplinar. 4.5 Perfil das persoas usuarias.



Tema 5.- Proceso de Terapia Ocupacional na infancia e adolescencia: Autonomía persoal e Participación

5.1 Derivación.

5.2 Screening/valoración inicial.

5.3 Fundamentos teóricos relevantes para Terapia Ocupacional para a Promoción da Autonomía persoal na Infancia e Adolescencia e a súa aplicación:

- Marcos de Referencia Teóricos Primarios.
- Modelos de Práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo de adaptación a través da ocupación, Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional da Asociación Estadounidense de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso, entre outros.
- Articulación co conxunto de técnicas pertinente.
- Ciencia da ocupación.
- Práctica centrada na familia.
- Práctica baseada na evidencia.
- Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde. Infancia e adolescencia.

5.4 Avaliación ocupacional:

- Perfil ocupacional e análise do desempeño.
- Persoa/s, grupo/s, institución/s e poboación/s.
- Áreas de desempeño ocupacional.
- Avaliación das contornas significativas: domicilio, centro educativo, centro de ocio e tempo libre e demais recursos comunitarios.
- Barreiras e facilitadores do desempeño ocupacional, dos dereitos ocupacionais e saúde e benestar das persoas/grupos/comunidades.
- Ferramentas estandarizadas e non estandarizadas.
- Técnicas cualitativas e cuantitativas.

5.5 Planificación de metas e obxectivos en colaboración coa persoa/s, grupo/s, institución/s e poboación/s e coordinación co equipo interdisciplinar. Metodoloxía SMART/SMART.

5.6 Planificación e intervención desde Terapia Ocupacional.

- Consenso co/a usuaria/o, familia, profesionais, tendo en consideración as contornas significativas, as características e as prioridades da/o usuaria/o, as situacións de saúde de maior incidencia (por exemplo: parálise cerebral; parálise braquial obstétrica; discapacidades sensoriais; trastornos do desenvolvemento; trastornos da conducta alimentaria; trastornos da conducta; trastornos do estado de ánimo; drogodependencias); así coma situacións de vulnerabilidade social (pobreza, exclusión, inmigración/desprazamento forzado, violencia machista, entre outras.) que poden impactar negativamente no desempeño ocupacional e/ou producir situacións que comprometan os dereitos ocupacionais das persoas/grupos/comunidades.
- Traballo nas áreas de ocupación empregando a ocupación/actividade significativa en colaboración co/a usuaria/o, grupo/s, poboación/s, familia, profesionais, entre outros.

5.7 Actuación nos factores ambientais que funcionan como facilitadores/barreiras de



participación en ocupacións da infancia e adolescencia. Produtos de apoio, actitudes/crenzas, alianzas, etc.

5.8 Asesoría de terapia ocupacional cos infantes e adolescentes: persoa/s, grupo/s, comunidade/s e demais profesionais, familias, amigas/os e outros.

5.9 Planificación da alta, seguimento e/ou derivación.



Tema 6.- Deseño, xestión, planificación e avaliación da Calidade do servizo de Terapia Ocupacional: Infancia e Adolescencia	6.1 Dirección de recursos, estudos de custo, administración e coidado dos servizos e equipamentos nos eidos sanitarios e comunitarios (domiciliario, formativo, laboral, entre outros). 6.2 Actualización permanente da/o profesional.
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A29 B3 B24 C4 C7	30	10	40
Prácticas de laboratorio	A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7	50	33	83
Estudo de casos	A1 A3 A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B19 B24 B36 C4	25	25	50
Aprendizaxe servizo	A6 A9 A10 A11 A16 A17 A19 B4 C4	4	8	12
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A3 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A23 A29 B3 B19 B24 B36 C4 C7 C8	8	0	8
Proba mixta	A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24 C8	2	25	27
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.
Prácticas de laboratorio	Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións. Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.



Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.
Aprendizaxe servizo	Actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia. Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada farase, globalmente, mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais.
Estudo de casos	O docente responsable da materia estará dispoñible no despacho do centro segundo o horario de tutoría, establecido ó inicio da materia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A29 B3 B24 C4 C7	A asistencia será obrigatoria e valorarase a capacidade da/o alumna/o para integrar os conceptos teóricos impartidos na clase así como a demostración da adquisición das competencias da materia.	5
Prácticas de laboratorio	A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7	Valorarase 1) actitude e participación: Actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas e co desenvolvemento xeral do laboratorio); participación(interacción empática, proactiva, analítica e constructiva); Respecto (aos participantes do grupo, docentes e normas de funcionamento do laboratorio); Responsabilidade (consigo mesma/o e/ou co grupo, tanto na preparación dos traballos realizados durante o laboratorio como no proceso de ensinanza-aprendizaxe). Asemesmo, valorarase 2) a memoria do laboratorio: cumprir as instrucións, a presentación (coidado, ortografía, linguaxe) e a reflexión (elaboración, integración e crítica de todos os contidos do laboratorio).	30



Estudo de casos	A1 A3 A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B19 B24 B36 C4	Nesta metodoloxía valorarase tanto o proceso de traballo como o resultado e a súa presentación (oral e/ou escrita). Polo tanto, terase en consideración a evolución do estudantado durante o traballo, a xestión da información e interrogantes xurdidos, o traballo en grupo (nos casos que corresponda) así como a integración das competencias da materia e a reflexión sobre todo o proceso de traballo. No referente ao contido valorarase que o caso sexa coherente co proceso de Terapia Ocupacional nun contexto concreto, articulando as especificidades da/s persoa/s, grupo/poboación, as súas ocupacións e contextos, é dicir, mantendo o foco no desempeño ocupacional. Para iso, terase en conta a aplicación coherente dos modelos da práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo Persona Entorno Ocupación, Modelo da adaptación a través da Ocupación, Modelo Australiano de Terapia Ocupacional, entre outros. Finalmente na presentación (oral e/ou escrita) valorarase a argumentación, reflexión e defensa do traballo realizado así como la capacidade de expresión escrita (erros gramaticais e ortográficos valoraranse negativamente) e/ou oral (comunicación verbal e non verbal acorde ao foro).	30
Proba mixta	A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24 C8	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumno (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), e a integración de conceptos.	35

Observacións avaliación



O sistema de cualificacións

expresarase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honor (Graciable).

Considerarase como "non

presentado" (NP) aquel ou aquela estudante que, estando matriculado nunha materia, non concorre ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o curso académico. En ausencia de regulación específica para cada titulación, considerarase que deberá ser cualificado/a como "non presentado": a) cando non completase o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou b) cando non se presente á proba do período oficial de avaliación. A consideración de NP non consome convocatoria no número total de convocatorias que a/o estudante ten por materia.

Con carácter xeral, a avaliación

das materias será continua ao longo do curso, sen prexuízo do indicado nas memorias de verificación da titulación. A cualificación final será consecuencia dos resultados globais obtidos en todas as actividades de avaliación. Como norma xeral incluírase unha actividade de avaliación para realizar nas datas establecidas no calendario académico oficial. Esta actividade tamén poderá establecerse como proba global de avaliación dos resultados de aprendizaxe ou, no seu caso, formar parte do proceso de avaliación continua. As guías docentes deberán establecer a ponderación das distintas actividades de avaliación e, no seu caso, da proba global, no marco que o centro puidese establecer.

Se valorará a puntualidade e a

asistencia obrigatoria a todas as horas presenciais das metodoloxías establecidas na materia.

Para aprobar a materia, a/o estudante

debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e ter superadas cada unha das metodoloxías que conforman o proceso de avaliación da materia. Ademais, será necesario ter unha cualificación mínima de 1.75 (sobre 3.5) puntos na proba mixta, e só se terán en conta para a cualificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumna/conséguea dita puntuación na proba mixta. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na proba mixta. As notas obtidas no resto de metodoloxías serán tidas en conta para a súa cualificación na segunda oportunidade (xullo), no caso de telas aprobada e superada a proba mixta.

Segundo a norma que regula o

régime de dedicación ao estudo dos/as estudantes de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 22/05/2012), cando un estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación do/a estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa.



Por

tanto, a concesión á solicitude de dita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da comisión académica do grao de Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.





Bibliografía básica

- Polonio, Castellanos, Viana (2008). *Terapia Ocupacional en la Infancia*. Madrid; Buenos Aires. Ed. Médica Panamericana
- Parham y Fazio (2008). *Play in Occupational Therapy for children*. St. Louis, Missouri: Elsevier.
- Clark, F. A., Parham, D., Carlson, M. E., Frank, G., Jackson, J., Pierce, D., ? Zemke, R. (1991). Occupational science: academic innovation in the service of occupational therapy?s future. *The American Journal of Occupational Therapy: Official Publication of the American Occupational Therapy Association* , 45 (4), 300-310.
- Christie, A., & Scaletti, R. (2001). Child, adolescent and family occupational therapy services in New Zealand. En L. Lougher, L. L. Florey, & D. Hutton (Eds.), *Occupational therapy for child and adolescent mental health* (pp. 192-218). Edinburgh: Churchill Livingstone.
- Duncan, E. A. S. (Ed.). (2012). *Foundations for practice in occupational therapy* (5. a ed.). Edinburgh: Elsevier.
- Fisher, A. G. (2013). Occupation-centred, occupation-based, occupation-focused: same, same or different? *Scandinavian Journal of Occupational Therapy* , 20 (3), 162-173.
- <http://doi.org/10.3109/11038128.2012.754492>
- Iwama, M. K., & Algado, S. S. (2008). El modelo Kawa (Rio). *Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia, TOG* , (8), 7.
- Keller, J., Kafkes, A., & Kielhofner, G. (2005). Psychometric characteristics of the Child Occupational Self Assessment (COSA), Part One: An initial examination of psychometric properties. *Scandinavian Journal of Occupational Therapy*, 12(3), 118-127.
- <https://doi.org/10.1080/11038120510031752>
- Kielhofner, G. (2006). *Fundamentos conceptuales de la terapia ocupacional*. Ed. Médica Panamericana.
- Larson, E., Wood, W., & Clark, F. (2005). *Ciencia Ocupacional: desarrollo de la ciencia y la práctica de la ocupación a través de una disciplina académica [Occupational Science: science and professional development through an academic discipline]*. En Willard & Spackman, *terapia ocupacional* (10 a ed, pp. 15-26). Buenos Aires ; Madrid: Médica Panamericana.
- Lopes, R. E., Adorno, R. C. F., Malfitano, A. P. S., Takeiti, B. A., Silva, C. R., & Borba, P. L. O. (2008). Poor youth, violence and citizenship. *Saude e Sociedade*, 17(3), 63-76.
- Matsushima, K., & Kato, T. (2013). Social interaction and atypical sensory processing in children with autism spectrum disorders. *Hong Kong Journal of Occupational Therapy*, 23(2), 89-96.
- <https://doi.org/10.1016/j.hkjot.2013.11.003>
- Polatajko, H. J., & Mandich, A. (2004). *Enabling occupation in children: the cognitive orientation to daily occupational performance (CO-OP) approach*. Ottawa: Canadian Association of Occupational Therapists.
- Rodger, S. (Ed.). (2010). *Occupation-centred practice with children: a practical guide for occupational therapists*. Oxford: Wiley-Blackwell.
- Rodger, S., & Ziviani, J. (Eds.). (2006). *Occupational therapy with children: understanding children?s occupations and enabling participation*. Oxford, UK ; Malden, MA: Blackwell Pub.
- American Occupational Therapy Association. *Occupational Therapy practice framework: Domian and process*. Am J Occu Ther, 2008;62:625-683.
- Ayres AJ. *La integración sensorial y el niño*. México : Trillas; 1998.
- Barker S. *Occupational therapy models for intervention with children and families*. Thorofare: Slack; 2007.
- Blesedell Crepeau E, Cohn E.S., Boyt Schell, BA. Willard & Spackman, *Terapia ocupacional*. Buenos Aires : Médica Panamericana, 2011.
- Case-Smith J; Clifford O?Brien J. *Occupational therapy for children*. Maryland Heights : Elsevier; 2010.
- Dunbar SB. *Occupational therapy models for intervention with children and families*. Thorofare: Slack; 2007.
- Finnie NR. *Atención en el hogar del niño con parálisis cerebral*. México : La Prensa Médica Mexicana, 1987.
- Frías Sánchez, C. *Guía para estimular el desarrollo infantil de los 45 días al primer año*. México, D.F. : Trillas; 2005.
- Galanter y Jensen. *DSM-IV. Salud mental en niños y adolescentes. Estudio de casos y guía terapéutica*. Madrid: Médica Panamericana; 2011.
- Grieve, J. *Neuropsicología para terapeutas ocupacionales*. Buenos Aires: Panamericana; 1999.
- Le Metayer M. *Reeducación cerebromotriz del niño pequeño educación terapéutica*. Barcelona: Masson; 1994.
- Máximo N. y otros. 2006. *Manual de actividades didácticas: terapia ocupacional en afecciones de origen pediátrico y neurológico*. Madrid: Dykinson.
- Parham, D., & Fazio, L. S. (Eds.). (2008). *Play in occupational therapy for children* (2a ed). St. Louis, Missouri: Elsevier.
- Polonio-López, B. , Castellanos-Ortega, M. C., & Viana-Moldes, I. (Eds.). (2008). *Terapia Ocupacional en la Infancia: Teoría y Práctica*. Editorial Médica Panamericana S.A.
- Reilly M. *Play as exploratory learning: studies of curiosity behavior*. Beverly Hills : Sage Mark, 1974.
- Shelley. M. *Terapia ocupacional en pediatría: proceso de evaluación*. Madrid: Médica Panamericana; 2006.
- Shonkoff JP; Meisels SJ. *Handbook of early childhood intervention*. Cambridge : Cambridge University Press, 2000.
- Viana Moldes, I., García Pinto, M. del C., & Ávila Álvarez, A. (2005). *Ocupación alienante versus ocupación significativa*. Recuperado de http://www.terapia-ocupacional.com/articulos/Ocup_Alienan_vs_ocup_signi.shtml
- Viana-Moldes, I., & Rivas-Quarneti, N. (2013). *Terapia ocupacional con adolescentes y jóvenes*. En O. Sanchez Rodríguez, M. Pellegrini Spangenberg, & B. Polonio López (Eds.), *Terapia ocupacional en salud mental: teoría y técnicas para la*



autonomía personal (pp. 217-238). Madrid: Panamericana.



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1.- Para axudar a conseguir un contorno inmediato sostible e cumprir co obxectivo estratéxico 9 do "I Plan de Sostenibilidade Medio-ambiental Green Campus FCS", os traballos documentais que se realicen nesta materia:

- a.- Na súa maioría se solicitarán en formato virtual e soporte informático.
- b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.

2.- A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación.

3.- Durante o período lectivo da materia, e sen que supoña unha alteración na asistencia do alumnado a outras actividades académicas, poderán programarse seminarios ou obradoiros de carácter optativo para afondar en certos contidos e técnicas moi específicas que complementan o desenvolvemento da materia.

4.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías